

Resolución do 15 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondentes aos corpos de profesores de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de marzo), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Mediante resolución do 27 de outubro de 2021 aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais, de admitidos e excluídos, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondentes aos corpos de profesores de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño.

Logo de analizadas as alegacións formuladas ás listas provisionais e á relación provisional de persoas excluídas, e con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo sexta da dita Orde do 24 de febreiro de 2020,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondentes aos corpos de profesores de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020, con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo. Aprobar as relacións definitivas de persoas excluídas das listas indicadas no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Ordenar a publicación das listas definitivas e da relación definitiva de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal. Xunto coa lista ordenada das novas incorporacións publicarase, para os meros efectos informativos, a lista completa por especialidade.

Cuarto. Coa aprobación e publicación das listas definitivas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra relación provisional de persoas excluídas





Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

